

Fai 25 anos comezou a camiñar a Universidade da Coruña froito da segregación da Universidade de Santiago de Compostela. A UDC quedou estruturada territorialmente nos Campus de A Coruña e de Ferrol, atopándose o Campus de Oza incluído no primeiro, xunto coa Maestranza, Riazor, Elviña, Zapateira e Bastiagueiro. Neses anos, e dentro do ámbito das Ciencias da Saúde, os estudos universitarios que se impartían na UDC tiñan o problema de non contar cunhas instalacións axeitadas para o seu desenvolvemento. Titulacións como Enfermaría ou Fisioterapia non dispoñían dun centro específico onde impartir a docencia ou realizar as prácticas, facéndoo de xeito disperso en dependencias de institucións ao longo da cidade. Para resolver esta situación, e aproveitando a proximidade do actual CHUAC, nos anos 90 as autoridades sanitarias e académicas decidiron acometer a reforma do antigo Sanatorio de Oza para ser transformado en Campus Universitario. Así, o Campus de Oza converteuse na sede das Diplomaturas Universitarias de Enfermaría, Fisioterapia e Terapia Ocupacional; o Pavillón de Colonias “mudou de nome”, pasando a ser o Edificio Universitario de Oza, o Pavillón do Fortín foi o lugar elixido para o Instituto de Ciencias da Saúde, e a vella casa do conserxe foi destinada a dependencias administrativas. Ademais, xunto coas obras de renovación para o novo uso académico, todo o lugar de Oza (xardíns, faro, capela, etc.) foi tamén remozado.

A primeira das titulacións postas en marcha na UDC no ámbito das Ciencias da Saúde foi a Escola Universitaria de Fisioterapia (hoxe Facultade). En 1990 Galicia non contaba con ningún centro formativo nesta materia, ocupando un dos últimos postos en España no ratio fisioterapeutas/habitantes. Esta situación xa fora denunciada fundamentalmente desde a Delegación Galega da Asociación Española de Fisioterapeutas, organismo que nos 70 iniciara un longo proceso reivindicativo que levou á publicación dun Real Decreto no ano 1981 que regulaba a formación dos futuros profesionais. Finalmente, en 1990 foi aprobada a creación da Escola Universitaria de Fisioterapia na UDC, homologouse un plan de estudos, comezaron a impartirse as clases no salón de actos do Hospital Juan Canalejo e no da Mutua Galega de Accidentes de Traballo (na rúa Fernando Macías), e asináronse convenios con distintas institucións para poder realizar as prácticas. Finalmente, no curso 1997/98, o centro foi trasladado ao Edificio Universitario de Oza, por fin con máis aulas, laboratorios e espazo.

A Escola Universitaria de Enfermaría da UDC tivo a súa orixe na creación en 1972 da Escola de Axudantes Técnicos Sanitarios, ATS, dependente do Instituto Nacional de Previsión. Nesa década produciuse unha gran demanda de enfermeiras debido á creación dos grandes hospitais públicos, e polo tanto de solicitudes de matrículas para cursar esta titulación, motivo polo cal barallouse a posibilidade de que os estudos de ATS fosen de formación profesional de segundo grao, cousa que quedou desbotada en 1977 co decreto de integración na universidade das escolas de ATS como escolas universitarias. Así naceu no ano 1978 a Escola Universitaria de Enfermaría Juan Canalejo, adscrita á USC ata 1990, e que estivo ubicada en dependencias do Complexo Hospitalario ata 1998 cando foi trasladada ao Campus de Oza xa como centro adscrito á UDC. Ademais das instalacións do Centro, cómpre destacar a importancia dos centros asistenciais do SERGAS que veñen contribuíndo á formación dos estudantes.

Pola súa banda, o desenvolvemento dos estudos de Terapia Ocupacional na UDC foron autorizados por decreto da Xunta de Galicia en 1993 dentro dun clima de descoñecemento social desta profesión contrario ao prestixio do que gozaba fóra das nosas fronteiras. Nesa década apareceron progresivamente distintos centros de TO en España, sendo o da UDC o único en Galicia e sexto na península. No ano 1995, o Claustro da UDC aprobou a adscripción dos estudos de diplomado en TO na Escola Universitaria de Fisioterapia e posteriormente, en 1998, creouse a Escola Universitaria de Terapia Ocupacional. Finalmente, en 2001, o Consello da Xunta de Galicia aprobou o decreto polo que se instaurou na UDC a Facultade de Ciencias da Saúde, FCS, centro no que se adscriben na actualidade a titulación de Grao en Terapia Ocupacional, o Departamento de Medicina, e os mestrados universitarios en Asistencia e Investigación Sanitaria, Xerontoloxía Clínica, e Termalismo e Balneoterapia.